



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xéneros literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Xéneros literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01912			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Figueroa Dorrego, Jorge Juan			
Profesorado	Figueroa Dorrego, Jorge Juan			
Correo-e	jdorrego@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Este curso ofrece unha achega teórico-práctica ao estudo dos xéneros literarios en lingua inglesa.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.

- C199 Identificar as principais achegas teóricas sobre o xénero(s) ou modo(s) literario(s) a estudar: en canto a concepto, terminoloxía, tipoloxía, aspectos históricos, características principais, metodoloxía(s) de interpretación e calquera outra cuestión especificada no programa correspondente.
- C200 Describir e analizar textos representativos tal(es) xénero(s) ou modo(s), relacionalos con outros textos do mesmo xénero ou doutros, e reflexionar sobre a interacción co contexto histórico, social e cultural en que se inscribe a súa produción e recepción.
- C201 Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural nos países de fala inglesa, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
- C202 Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en inglés, formulando hipótese, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de maneira eficaz e válida, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
- C203 Localizar, seleccionar, organizar e avaliar información relevante relacionada co xénero(s) escollido(s) e cos textos a analizar máis profundamente, recorrendo a fontes bibliográficas ou recursos electrónicos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento de conceptos, tipoloxías e características do xénero(s) ou modo(s) literario(s) obxecto de estudo.	A1 A2 A3	B2 B3 B4	C199 C200
Uso axeitado de terminoloxía e metodoloxía(s) para describir e analizar textos representativos dese(s) xénero(s).	A4	B6 B7	C201 C202 C203
Comprensión da interacción co contexto en que se inscribe a súa produción e recepción.	A4 A5	B7 B8	C200 C202
Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia e valores democráticos.	A4	B7 B8	C201 C202 C203
Preparación de presentacións orais e traballos escritos que demostren a reflexión crítica do alumnado, a súa capacidade de planificación, estruturación e desenvolvemento seguindo unha metodoloxía apropiada e convencións académicas, así como de seleccionar e avaliar información dispoñible a través de distintos recursos bibliográficos e electrónicos.	A3	B8	C199 C201 C202 C203

Contidos

Tema	
1. Introduction.	Basic concepts of genre theory.
2. Poetry.	Introduction to poetic genres and forms such as lyric poetry (e.g. sonnet, ode, and elegy), and narrative poetry (e.g. medieval romance and fabliaux).
3. Drama.	Introduction to tragedy, comedy and other dramatic genres. Case studies: reading and analysis of a tragedy and a comedy that will be announced at the beginning of the course.
4. Prose fiction.	Introduction to the romance, the novel, and the short story. Case studies: reading and analysis of a novel and some short stories that will be announced at the beginning of the course.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	20	10	30
Estudo de casos	25	50	75
Exame de preguntas de desenvolvemento	5	38	43

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación introdutoria dos contidos, metodoloxía, avaliación e materiais docentes relativos a esta materia.
Lección maxistral	Presentación de contidos de carácter teórico.
Estudo de casos	Análise de determinados textos que ilustran cuestións teóricas presentadas na aula. A listaxe de lecturas darase ao comezo do cuadrimestre, e estará permanentemente accesible a través de Moovi.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado atenderá personalizadamente ao alumnado sobre dúbidas que poda ter sobre as cuestións teóricas explicadas nas clases.
Estudo de casos	O profesorado atenderá personalizadamente ao alumnado sobre dúbidas que poda ter sobre os textos traballados.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	O profesorado atenderá personalizadamente ao alumnado sobre dúbidas que poda ter durante a preparación dos exames.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos	Lectura, análise e comentario de textos. Intercambio de ideas sobre dita análise, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, e amosando actitudes de tolerancia. Avaliarase a participación activa na aula e as súas respostas a preguntas e actividades que se propoñan.	25	A1 A2 A3 A5	B2 B3 B4 B6	C199 C200 C203
Exame de preguntas de desenvolvemento	3 breves exames escritos sobre os contidos da materia, con preguntas de desenvolvemento e comentario de textos. Terán lugar ao rematar as unidades 2, 3 e 4 en horario de clase, en datas a anunciar ao comezo do cuadrimestre. Cada proba contará un 25% da nota final.	75	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B6	C199 C200

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Avaliación continua

O antedito sistema de avaliación está deseñado para o alumnado que asista regularmente ás clases. Estas probas de avaliación serán dun máximo dunha hora e faranse en horario de clase, en datas a anunciar polo profesorado ao comezo do cuadrimestre, e con recordatorios en Moovi antes de cada unha. Cada proba contará un 25% da nota final e será preciso aprobar cun mínimo de 5 puntos de 10 para calcular a media.

Avaliación única

Aquelas persoas que, excepcionalmente e por algunha causa xustificada, non poidan asistir con regularidade deberán comunicalo ao profesor da materia ao principio so cuadrimestre. Este alumnado deberá facer un exame final sobre todos os contidos da materia nas datas estipuladas no calendario oficial ao efecto. Será recordado a través de Moovi con antelación.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

O alumnado que suspenda algunha das anteditas probas poderá intentalo de novo no exame que terá lugar o día estipulado oficialmente polo decanato a finais de xuño ou principios de xullo.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa claridade e corrección lingüística.

O **plaxio** total ou parcial en calquera tipo de actividade avaliable suporá o suspenso da materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumno ou alumna da súa responsabilidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Beebee, Thomas, **The Ideology of Genre**, Pennsylvania State U.P., 1994

Bushnell, Rebeca ed., **A Companion to Tragedy**, Blackwell, 2005

Fowler, Alistair, **Kinds of Literature. An Introduction to the Theory of Genres and Modes**, Clarendon Press, 1982

Frow, John, **Genre**, Routledge, 2015

Furniss, Tom & Michael Bath, **Reading Poetry: An Introduction**, 2nd ed., Pearson, 2007

Genette, Gérard, **The Architext: An Introduction**, U. California P., 1992

Hawthorne, Jeremy, **Studying the Novel: An Introduction**, 3rd ed., Arnold, 1997

May, Charles, ed., **The New Short Story Theories**, Ohio U.P., 1994

Meyer, Michael, **Poetry: An Introduction**, 7th ed., Bedford/St Martins, 2013

Stott, Andrew, **Comedy**, Routledge, 2005

Todorov, Tzvetan, **Genres in Discourse**, Cambridge U.P., 1990

Wallace, Jennifer, **The Cambridge Introduction to Tragedy**, Cambridge U.P., 2005

Weitz, Eric, **The Cambridge Introduction to Comedy**, Cambridge U.P., 2009

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01909

Movimentos culturais e literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01910

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903

Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01904

Literatura e outras artes do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01905

Outros comentarios

Xa que as clases se imparten en lingua inglesa e inclúen a análise de textos literarios escritos nesa lingua en distintos periodos é aconsellable ter polo menos un nivel avanzado de inglés (equivalente a C1) para poder seguir a materia adecuadamente.

Aconséllase que o alumnado consulte regularmente a plataforma Moovi, xa que se utilizará para dar información básica sobre a materia, facer anuncios, achegar material, etc.

Recoméndase tamén facer uso dos recursos da biblioteca universitaria para a lectura dos textos seleccionados e a preparación das probas de avaliación.